

**ACTA NÚMERO: 18/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE MAIO DE 2022.**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 12 de maio de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 5 de maio de 2022 (Reunión 17/2022).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)". (Expte.- 2021060894).*
3. *Proposta de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de Asistencia técnica redacción Proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso. (Expte.- 2021031396).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Aguete". (Expte.- 2022002372).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos Centros de Compostaxe Comunitaria da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2022006715).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, e D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



O Secretario comenta que por Resolución Presidencial número 2019014358 de data 18 de xullo do 2019 constituíuse unha Mesa de Contratación de carácter permanente na Deputación de Pontevedra, como órgano de asistencia aos seus órganos de contratación en todos os procedementos nos que resultara preceptiva.

Con data 9 de maio de 2022, o voceiro do Partido Popular na Deputación solicitou que o Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular, Miguel Adolfo Domínguez Alfonso figure como novo membro da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra en substitución do Deputado deste grupo, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

Por Resolución Presidencial número 2022003665 de data 12 de maio do 2022 efectuouse unha actualización dos membros da Mesa de Contratación Permanente, cos seguintes cambios:

- O Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular, Miguel Adolfo Domínguez Alfonso pasa a figurar como novo vogal en substitución do Deputado deste Grupo, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.
- Designar como nova vogal da Mesa de Contratación, a Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, Yolanda Lois Peón, e como suplente á Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, Dona Fátima Monteagudo Pereira.
- O Vicesecretario, José Luis Mato Rodríguez para a figurar como vogal titular, e como suplente o Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

### **1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 5 de maio de 2022 (Reunión 17/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 5 de maio de 2022 (Reunión 17/2022).

### **2. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)". (Expte.- 2021060894).**

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 31/03/2022, procedeu á apertura dos sobres "B", correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Valoradas as ofertas económicas, a Mesa detectou que as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. e MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Requiridas as citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/04/2022 recolleu que non constaba que MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L., presentara xustificación algunha, mentres que CONSTRUCCIONS OBRAS E VIALES, S.A., non xustificara de forma correcta a súa oferta económica desproporcionada, non debendo ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022 tamén acordou propor o órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. e MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., pois ofertaban valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto presumíase que non podían cumprir o contrato.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de abril de 2022 tamén acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado par a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas)” e propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., por un importe de 555.726,38 €.

Revisada a documentación antes da adxudicación deste procedemento, observouse que a empresa, MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., presentou en data 08/04/2022 xustificación da súa oferta no prazo. Advertido o erro, douse traslado da mesma ó Servizo de Infraestruturas, para que dende os seus Servizos Técnicos se emitira o preceptivo informe, emitíndose o mesmo na data 11/05/2022, recollendo que a xustificación presentada por MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

En base ao exposto con respecto a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación ao órgano de contratación na reunión do día 21 de abril de 2022, non varían nin as ofertas excluídas, nin a clasificación aprobada nin a empresa proposta como adxudicataria neste procedemento.

A Mesa de Contratación, tendo en conta que os Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron en data 11/05/2022 sobre a xustificación presentada pola empresa, MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., recollendo no informe que NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra, acorda ratificar os diferentes acordos que figuran na proposta da reunión da Mesa de Contratación celebrada o día 21/04/2022, en relación á adxudicación do procedemento aberto simplificado



convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8101 Portas-Romai, (Concello de Portas), así como convalidar o requirimento de documentación previo a adxudicación realizado á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS.

**3. Proposta de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para a prestación do servizo de Asistencia técnica redacción Proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso. (Expte.- 2021031396).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial con numero 2022001751, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14-03-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A Mesa de Contratación na reunión do día 31 de marzo de 2022 procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes a documentación administrativa e documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor. A Mesa de contratación en dita reunión acordou admitir a única empresa presentada: Promove Xestión Técnica SLP (CIF B-36.570.042) e así mesmo dar traslado da documentación correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Arquitectura para que avaliasen e ponderasen as ofertas.

A Xefa do Servizo de Arquitectura emitiu informe, con data 11/04/2022 relativo a valoración da documentación técnica presentada pola empresa Promove xestión técnica SLP (CIF B-36.570.042) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Criterios avaliábeis mediante xuízos de valor	Promove xestión técnica SLP
Análise do ámbito do e condicionantes vinculados ao obxecto do contrato	15,00 puntos
Proposta de procedementos de traballo e de xestión documental	3,50 puntos
Puntuación total	18,50 puntos



A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de abril de 2022, en base ao informe emitido pola Xefa do Servizo de Arquitectura de data 11/04/2022 acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso".

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de abril de 2022 tamén procedeu a descrición e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados pola única empresa que participa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do referido procedemento e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

Empresa : Promove xestión técnica SLP

1.-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	8.639,00 €
IVE (..... %):	1.814,19 €
Importe total ofertado:	10.453,19 €

2.- Experiencia do equipo de traballo superior á mínima establecida nos pregos.

Criterio	Numero proxectos ofertados (a maiores dos mínimos)
Numero de proxectos de rehabilitación de edificios históricos no que teña participado o equipo redactor a maiores dos mínimos esixidos.	4
Numero de traballos relacionados coa mellora da envolvente de edificios nos que teña participado o equipo redactor, a maiores do mínimo esixido	5

A efectos da acreditación da experiencia do equipo de traballo superior a mínima o prego de cláusulas económico-administrativas establece o seguinte:



“Para que se valore o criterio, deberase achegar unha declaración xurada onde se relacionen os servizos ou traballos realizados de igual ou semellante natureza que os apartados a) e b), como máximo, os dez últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado.

Os traballos a acreditar serán tanto os ofertados a maiores como os esixidos como mínimo.”

A Mesa de Contratación unha vez comprobado que empresa Promove xestión técnica SLP achegara a referida declaración xurada acordou en reunión celebrada o día 28 de abril de 2022 facultar ao secretario da Mesa de contratación para que solicitara informe aos técnicos do Servizo de arquitectura a efectos de que informaran se os traballos incluídos na citada declaración xurada cumpren os requisitos especificados nos pregos para a súa valoración.

Unha vez emitido polos técnicos do Servizo de arquitectura informe con data 10-05-2022 no que se acredita que os referidos traballos cumpren os requisitos especificados nos pregos procedeuse a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B correspondente aos criterios automáticos sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Resultado da valoración do sobre C, de documentación avaliable mediante fórmulas (criterios automáticos):

	Promove Xestión Técnica
1. Criterio 1.- Prezo ofertado (Ata un máximo de 49 puntos.	36,177
2. Criterio 2.-Experiencia do equipo de traballo superior a mínima ,(Ata un máximo de 26 puntos.)	26,000
<b>TOTAL PUNTUACION C (Ata un máx. de 75 puntos)</b>	<b>62,177</b>

Resume puntuacións totais:

<b>TOTAL PUNTUACION SOBRE A (Ata un máx. de 25 puntos)</b>	<b>18,50</b>
<b>TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 75 puntos)</b>	<b>62,177</b>
<b>TOTAL B+C</b>	<b>80,6777</b>

En base as citadas puntuacións a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas o procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso que queda da seguinte forma:





Posición	Empresas	Puntuación Sobre A (xuízos de valor)	Puntuación sobre B (Criterios automáticos)	Puntuación total
1ª	Promove xestión técnica SLP	18,50	62,177	80,677

- Propor ao órgano de contratación a adxudicación do referido procedemento aberto simplificado á empresa Promove Xestión Técnica SLP (CIF B-36.570.042) polos prezos e valores ofertados indicados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Promove Xestión Técnica SLP (CIF B-36.570.042) proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia con número 5214 acreditando o mesmo que o firmante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e asimismo que a empresa non está incurso en ningunha prohibición de contratar e que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Promove Xestión Técnica SLP (CIF B-36.570.042) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contados desde o seu envío, aporte a restante documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a contitución dunha garantía definitiva por importe de 431,95 euros.

**4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Aguete". (Expte.- 2022002372).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022002940 de data 21 de abril de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP 1205 acceso á praia de Aguete".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de abril de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM SL
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

**5. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos Centros de Compostaxe Comunitaria da provincia de Pontevedra. (Expte.- 2022006715).***





O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 8 de abril de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, convocado para a contratación da subministración de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos Centros de Compostaxe Comunitaria da provincia de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de abril de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

Polo que se refire as mostras, tal e como se contempla no apartado 7.2 do prego de cláusulas económico-administrativos, presentáronse no Rexistro Xeral da Diputación de Pontevedra. Tendo en conta o tamaño e o espazo que ocupaban, por razóns organizativas, trasladáronse ao Parque de Maquinaria da Diputación de Pontevedra, e nestas instalacións permaneceron custodiadas ata a data prevista para a apertura do sobre “A” deste procedemento aberto simplificado, tal e como consta nas fotografías realizadas por membros da Mesa de Contratación e incorporadas ó expediente Cividas número 2022006715 co CSV: 0SAZOVIIU9K94RD8.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

O Secretario comenta que a empresa, “Interior y Exterior de Maderas, S.A.” presentou no rexistro electrónico da Deputación un escrito para entregar unha mostra dos materiais a subministrar do lote número 2, pero non chegou a facer efectiva a presentación da oferta na plataforma de licitación VORTAL, nin a depositar a mostra nas instalacións do Parque de Maquinaria.



Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir a seguinte empresa:
  - VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE SL (B71066153) (Lotes números 1 e 2)
  
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A”, que presentou a única empresa admitida ó Servizo de Asistencia Intermunicipal, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado. Así mesmo facúltase os técnicos do Servizo de Asistencia Intermunicipal para a apertura e informe das mostras dos lotes número 1 e 2 presentas pola empresa Vermican Soluciones de Compostaje S.L.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

